

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE XANEIRO DE 2024

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde en funcións, don Juan González Leiros (Resolución da Alcaldía núm. 2112/2023, do 28 de decembro), e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de xaneiro de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202401251000100000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2023, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2023 E Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2023

Acceso á videoacta – 00:00:46 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2023, á sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2023 e á sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2023, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2023, á sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2023 e á sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2023, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2023, da sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2023 e da sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2023.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE DO EXERCICIO 2022

Acceso á videoacta – 00:01:07 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 11 de xaneiro de 2024 (CVD: JFi6c9LRn59U9Xa5liPL), que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2022

Cumprimentado o trámite legal de exposición ao público da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2022, previsto no artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (téndose publicado o anuncio de exposición ao público no *Boletín oficial da provincia* núm. 230 de data 1 de decembro de 2023), que finalizou o 27 de decembro de 2023, e non téndose presentado alegacións durante dito prazo, procede elevar ao Pleno, como ditame favorable da Comisión especial de Contas, a seguinte **proposta de acordo**:

Aprobar a Conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2022, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do Concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.»

Aberta a quenda de intervencións, interveñen a concelleira de UxC, Sra. Pan Lesta, o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e o alcalde en funcións, Sr. González Leirós.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 11 de xaneiro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: González Leirós, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 11 de xaneiro de 2024 (CVD: JFi6c9LRn59U9Xa5liPL), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.2. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:49:48 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:49:52 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:49:54 horas

- Moción do grupo municipal do Partido Popular para solicitar ao Ministerio de Transportes un novo apeadeiro na Barcala para o futuro tren de proximidade e recuperar os existentes

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da moción do PP, rexistrada de entrada ao núm. 20240000000539 o día 19

de xaneiro de 2024, relativa ao asunto epigrafiado, que é aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Piñeiro Fernández, quen dá lectura á moción que redactada en castelán e traducida ao galego di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Co obxectivo fundamental de mellorar a mobilidade e a accesibilidade na área metropolitana da Coruña, dar resposta ás necesidades dos veciños de Cambre e potenciar un transporte público colectivo que represente unha alternativa eficiente e competitiva ao transporte privado, o Grupo municipal do Partido Popular presenta esta moción co obxectivo de axuntar forzas para impulsar a creación dun tren de proximidade para a comarca.

Ante o anuncio estes días do ministro de Transportes Óscar Puente, do estudo para implantar un tren de proximidade que dea servizo á área metropolitana da Coruña, o Partido Popular de Cambre solicitou mediante escrito ao Ministerio aproveitar as vías xa existentes entre Betanzos e Coruña que pasan polo noso municipio para crear un novo apeadeiro que atenda aos case 3000 veciños da Barcala, as vías do tren pasan pola urbanización e ante o incremento da poboación xuvenil sería necesario engadir neste punto unha nova parada. Ademais numerosos mozos cursan estudos na universidade (o tren ten parada nela), incrementando as frecuencias estableceríamos a cultura do ferrocarril entre os máis novos e axudariamos aos maiores para trasladarse sen dependencia (por exemplo citas médicas nos hospitais da cidade), así como solicitar que se recuperen a estación de Cambre e o apeadeiro de Cecebre para ese futuro servizo de proximidade.

Ademais, debido ás próximas obras a efectuar na Avenida de Alfonso Molina (AC11), que afectarían gravemente á entrada por estrada á cidade e que estenderían as retencións á contorna metropolitana, queremos achegar unha solución viable a este problema, co tren de proximidade.

A mellora das comunicacións é vital para o futuro desenvolvemento de Cambre e non pode volver repetirse o colapso circulatorio destes anos que tivemos no Temple coas obras do túnel de Perillo, temos que ser previsores ante a futura ampliación de Alfonso Molina e da Pasaxe, cun tren de proximidade activo facilitaríamos o traslado dos veciños á cidade e reduciríamos os desprazamentos en coche, ao fomentarse así o transporte público.

ACORDOS:

Instar o Pleno da Corporación, para que o Concello de Cambre solicite ao Ministerio de Transportes e Mobilidade que ante o estudo que se vai realizar para a implantación dun futuro tren de proximidade na comarca, que se inclúa no devandito estudo e futuro proxecto a construción dun apeadeiro de tren na Urbanización A Barcala, para cumprir cunha demanda histórica dos veciños, así mesmo solicitar que se recuperen para o seu uso a estación de Cambre e o apeadeiro de Cecebre (lugar de residencia do escritor Wenceslao Fernández Flórez, sendo o ferrocarril unha constante na súa obra, como así o demostra na súa novela ‘As viaxes’).”

Aberta a quenda de intervencións, interveñen a concelleira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do PP de data 24 de novembro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Votos en contra: Dez (10), dos/as Sres./as: González Leirós, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerro Quiñoy e Rodríguez López.

Abstencións: Tres (3), dos/a Sres./a: Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do grupo municipal do PP.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 01:00:38 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1/2024, do 2 de xaneiro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras e Servizos efectuada a prol do primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós do día 3 ao 8 de xaneiro de 2024, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 32/2024, do 16 de xaneiro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, o día 15 de xaneiro de 2024, a partir do cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 01:01:26 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 91 resolucións numeradas da 2080 á 2125 do ano 2023, e da 1 á 45 do ano 2024 que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2080/2023	22-12-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 31.238,82 euros con reparos suspensivos da intervención municipal
2081/2023	22-12-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 224, letra D no cemiterio municipal de Cambre ao obxecto de inhumar o cadáver de JSA falecido o día 22 de novembro de 2023 e cuxos restos mortais foron depositados en dito nicho en data 24 de novembro de 2023. Solicitante: JMSP
2082/2023	22-12-2023	Conceder o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 173, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de AMPR, falecida o día 29 de novembro de 2023, informándolle que os titulares das urnas deberán compartir obrigatoriamente o dereito funerario do uso do cinceiro, se o houbera, no correspondente panteón. Solicitante: ASP



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2083/2023	22-12-2023	Conceder o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 173, letra B, no cemiterio municipal de Cambre co fin de inhumar o cadáver de BdeMG, falecido o día 4 de decembro do 2023, informándolle que os titulares das urnas deberán compartir obrigatoriamente o dereito funerario do uso do cinceiro, se o houbera, no correspondente panteón. Solicitante: BdeMB
2084/2023	22-12-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 76, letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada ao obxecto de inhumar os restos de RNL falecido o día 4 de decembro de 2023 e que foi inhumado en dito nicho en data día 7 de decembro de 2023. Solicitante: MPMB
2085/2023	22-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación de catro postes de fibra destinados a proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar sita na rúa Sixto, parroquia de Cambre. Solicitante: TdeE, SAU
2086/2023	22-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a construción de dúas arquetas e execución dunha canalización de 35 metros lineais co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á nave sita no lugar da Rocha, parroquia de Anceis. Solicitante: TdeE, SAU
2087/2023	22-12-2023	Iniciar expediente sancionador a DVM como consecuencia da presunta comisión dunha infracción leve, consistentes en ouriñar na fachada do Museo Municipal, tipificada no artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da limpeza viaria e ornato publico, propoñéndose unha sanción de 100 euros, de acordo co disposto no artigo 28.1 da citada norma.
2088/2023	22-12-2023	Aprobar a relación de establecementos admitidos para participar no XV Concurso de Escaparates de Nadal do Concello de Cambre 2023
2089/2023	22-12-2023	Impoñer a APG e OICM unha multa coercitiva polo importe de 1.000 €, polo incumprimento da orde de derrubamento ditada mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras do día 14 de outubro de 2021, advertíndolle de que se lle poderán impoñer novas multas coercitivas polo dito importe, ata acadar o cumprimento da citada orde de demolición, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
2090/2023	22-12-2023	Comparecer no procedemento ordinario 153/2023 perante o Xulgado do Social número 1 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, interposición de demanda de reclamación de dereitos e cantidades fronte ao Instituto Nacional da Seguridade Social, Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Cambre de JALM
2091/2023	22-12-2023	Avocación competencias da concelleira delegada da área de Benestar Social os días 27 e 29 decembro de 202, e os días 2, 3, 8 e 9 de xaneiro de 2024
2092/2023	22-12-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CNRR e aos herdeiros de FAP para a poda das árbores existentes na finca sita en Lugar da Cabana, Anceis, Cambre que afectan infraestruturas eléctricas e invaden parte do camiño municipal 1C.1.0307, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
2093/2023	22-12-2023	Iniciar expediente de orde de execución a RH para a poda das árbores existentes na finca sita en Lugar de Pena da Nosa Señora, Cambre que invade a vía pública, afectando a infraestruturas de eléctricas e de telecomunicacións, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2094/2023	22-12-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de decembro de 2023
2095/2023	22-12-2023	Outorgar á Asociación de Nais e Pais unha subvención de 22.013,44 euros para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023
2096/2023	22-12-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 13.366,00 euros a favor da Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple, en concepto de primeira achega do Concello de Cambre correspondente ao Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2022/2023
2097/2023	22-12-2023	Iniciar expediente administrativo de reclamación de pagos indebidos á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA): Pago duplicado da taxa de 2.494,75 euros pola publicación de anuncio no Diario Oficial de Galicia
2098/2023	22-12-2023	Outorgar á Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro unha subvención por importe de 16.776,00 euros para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro, no curso escolar 2022/2023
2099/2023	22-12-2023	Outorgar á Asociación de Nais e Pais Brexo - Lema do CEIP Emilio González López unha subvención por importe de 18.211,91 para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Brexo - Lema do CEIP Emilio González López, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023
2100/2023	22-12-2023	Asignar o número 1 á parcela e vivenda situada na rúa Ponte das Insuas, CP 15660, Cambre
2101/2023	26-12-2023	Aprobar as condicións da subcampaña do "Rasca e gaña no Nadal 2023 - 2024" encadrada dentro da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal do Concello de Cambre
2102/2023	27-12-2023	Avocar a delegación xenérica da área de Economía, Facenda e Réxime Interior efectuada a prol da terceira tenente de alcalde, dona María Dolores Pan Lesta área do día 2 ao 9 de xaneiro de 2024, ambos os dous incluídos
2103/2023	27-12-2023	Aprobar as facturas por importe de 66.550,00 euros
2104/2023	27-12-2023	Complementar en 4 euros a axuda económica de emerxencia social concedida a CCRde M destinada ao pagamento dunhas lentes correctoras
2105/2023	27-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: LCS
2106/2023	27-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: RAM
2107/2023	28-12-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de xaneiro de 2024
2108/2023	28-12-2023	Asignación do número 38 ao edificio sito na rúa Tapia, parroquia do Temple, segundo plano de situación que consta no expediente
2109/2023	28-12-2023	Aprobación do expediente de transferencia de crédito núm. 14/2023 por un importe de 3.719,00 euros. Achega 2023 Consorcio As Mariñas
2110/2023	28-12-2023	Conceder a B.B.R. a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
2111/2023	28-12-2023	Conceder a V.B.T. a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
2112/2023	28-12-2023	Delegación de funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós no período comprendido entre o 23 e o 30 de xaneiro de 2024
2113/2023	28-12-2023	Iniciar procedemento sancionador a F.G.C., como consecuencia da presunta comisión de dunha infracción de carácter grave, consistente no exercicio da actividade do local denominado "Bocatas", sito na rúa Polígono, 8, incumprindo as condicións da comunicación previa, que limita o seu horario de funcionamento ao comprendido entre as 7:00 e as 23:00 horas, téndose constatado que ás 23:50 horas do día 2 de xuño de 2023 o local se atopaba en funcionamento, observando clientela no seu interior e varias mesas ocupadas na terraza exterior, sendo a sanción proposta a de multa de 600 euros, de acordo cos artigos 53.1, 58.2 a) e 59.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de quince días, a contar dende o seguinte o da notificación da presente resolución, para que acheguen cantas alegacións, documentos ou informacións estimen convenientes, e no seu caso propoñan probas, concretando os medios de que pretendan valerse.
2114/2023	28-12-2023	Requirir a AUTOS IGLESIAS S.L. para que abone ao Concello de Cambre a cantidade de 1.378,32 euros en concepto de liquidación de quilometraxe (cláusula 7 do PCAP que rexe esta contratación). O pago da citada cantidade deberá realizarse mediante transferencia ao número de conta ESxx xxxx xxxx xxxx dentro do prazo recollido no artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral Tributaria (LXT).
2115/2023	28-12-2023	Conceder a M.L.B.a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
2116/2023	28-12-2023	Considerar desistida a R.M.P.M. da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 3/08/2023 e núm. de rexistro de entrada 2023xxxxxx1466, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
2117/2023	29-12-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención LMRprovidencia-TEDEC 2023/T003/004601 de data 12 de decembro de 2023 e recoñecemento de obrigas con reparos por importe total de 176.055,25 euros
2118/2023	29-12-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de LMR - facturas – TEDEC 2023/G003/001613 de data 29 de setembro de 2023 (CVD: 9qS/GeT75ZZwMwNVLpQM), así como os reparos formulados no informe de intervención LMR- providencia- TEDEC 2023/T003/004601 de data 12 de decembro de 2023 (CVD: jjivlyKtsd3zSIQdeOmK), e recoñecemento de obrigas por importe total de 3.354,37 euros
2119/2023	29-12-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención LMRprovidencia-TEDEC 2023/T003/004547 de data 4 de decembro de 2023 (CVD: 8W5Awdj/N3wT7ZhXcdAz) e recoñecemento de obrigas por importe total de 6.641,07 euros
2120/2023	29-12-2023	Conceder a I.C.T. a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
2121/2023	29-12-2023	Aprobar as despesas que se relacionan por importe de 77.850,58 euros correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de novembro de 2023, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento.
2122/2023	29-12-2023	Prorroga ao ano 2024 do orzamento municipal de 2023, co detalle sinalado no informe da Intervención municipal de data 28/12/2023 (CVD:ebg27XY3sPhGzFsNoVW9) cun estado de gastos de 18.254.347,25 euros e de ingresos de 20.279.292,22 euros
2123/2023	29-12-2023	Aprobación das despesas por importe de 94.352 euros que se corresponden coa entrega a conta ao Consorcio das Mariñas do 20% da total aportación orzamentaria do Concello de Cambre para o 1º, 2º, 3º e 4º trimestre de 2023; e a cota de 3.000 euros do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Golfo Ártabro Sur correspondente ao ano 2023
2124/2023	29-12-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe de 12.961,62 euros
2125/2023	29-12-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe de 46.608,13 euros (seguro colectivo de accidentes para persoal do concello de Cambre e membros da corporación. Período 01-02-2023 ao 31-01-2024 e outras), con reparos no suspensivos da intervención municipal
1/2024	02-01-2024	Avocación de competencias do concelleiro de Urbanismo, Obras e Servizos do día 3 ao día 8 de xaneiro de 2024 (ambos incluídos)
2/2024	02-01-2024	Declarar a Crunia Drinks, S.L., responsable da comisión dunha infracción grave,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		tipificada no artigo 33 d) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, consistente no incumprimento do horario de peche do local denominado "Beagle", sito na Tapia, 2, O Temple, ao atoparse este aberto ás 07:40 horas do día 25 de decembro de 2022, con clientes realizando consumicións no interior do local, apreciando as circunstancias agravantes de transcendencia social da infracción e natureza dos prexuízos causados, sendo a sanción proposta a de multa de 1000 euros, de acordo cos artigos 36.2 a) e 37 apartados c) e h) da citada norma.
3/2024	02-01-2024	Arquivo do expediente nº 2022/V001/000045, incoado para a xestión da biomasa existente en finca sita en Sigrás, ao terse constatado que a día de hoxe a finca atópase nun aceptable estado de conservación, sen que se aprecie un incumprimento substancial dos criterios establecidos na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
4/2024	02-01-2024	Expediente sancionador por unha talla na parcela sita en Anceis.
5/2024	02-01-2024	Expediente sancionador pola realización de vertidos en camiño de acceso a antiga cementeira sita en Lendoiro, Cambre. Responsable: A.V.T.
6/2024	03-01-2024	Relación de emprazamentos dispoñibles para a colocación gratuíta de carteis (paneis de medidas 6X1,50 m.) e pancartas e bandeirolas (vías e puntos de iluminación pública) con motivo da celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia o vindeiro 18 de febreiro de 2024
7/2024	03-01-2024	Relación de lugares públicos e locais oficiais que se reservan para a realización gratuíta de actos de campaña electoral con motivo da celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia o vindeiro 18 de febreiro de 2024
8/2024	03-01-2024	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de I.V.V. para a xestión da biomasa existente na finca sita en Lugar de San Paio, Brexo, Cambre con referencia catastral 15017xxxxxxxx000MI, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de dez días para que realicen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, de acordo co art. 82 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común.
9/2024	04-01-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adxudicar o contrato mixto de subministración e servizos da Cabalgata Infantil de Reis Magos do ano 2024 (expediente TEDeC núm. 2023/C004/000029). Adxudicar os lotes 1 (<i>Servizo de animación da Cabalgata Infantil de Reis Magos</i>) e 2 (<i>Alugueiro de carrozas decoradas, tronos e elementos complementarios</i>) do contrato mixto de subministración e servizos da Cabalgata Infantil de Reis Magos do ano 2024, ao licitador <i>Animación y Eventos S.L.</i> , CIF: B15902448, no prezo ofertado 14.450 euros sen IVE (17.484,50 euros IVE incluído) no lote 1 e de 40.900 euros sen IVE (49.489,00 euros IVE incluído) no lote 2, por ser a única entidade que presentou oferta, resultou admitida e cumpre cos requisitos establecidos no PCAP.
10/2024	05-01-2024	Cesar como titular do posto de coordinador de Protección Civil do Concello de Cambre e cesar no posto de policía local que ocupa con carácter de adscrición provisional no Concello de Cambre, con efectos económicos e administrativos de data 07 de xaneiro de 2024, a IBdeIP funcionario de carreira do Concello de Cambre, a petición propia, polo seu reingreso no Concello de Oleiros como policía local, de acordo coa Resolución de data 27 de decembro de 2023 dese Concello, e declaralo na situación administrativa de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, de acordo co artigo 174 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público Galicia
11/2024	05-01-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de xaneiro de 2024
12/2024	08-01-2024	Iniciar procedemento sancionador a EC, S.L, como consecuencia da presunta



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		comisión dunha infracción de carácter leve, tipificada no artigo 27.a) número 7 da Ordenanza municipal de limpeza viaria, consistente na instalación de carteis publicitarios en infraestruturas públicas de diversas rúas das parroquias de Cambre e do Temple, sen título habilitante, sendo a sanción proposta a de multa de 375 euros, de acordo co artigo 28.1 da antedita Ordenanza
13/2024	09-01-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución dun poste de madeira existente por un novo poste de formigón e instalación dunha riostra no lugar de Altamira, parroquia de Anceis, co fin de posibilitar a compartición de infraestruturas telefónicas aéreas, segundo a memoria técnica que se achega redactada polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Francisco Pérez Montesinos, supeditada ao cumprimento das condicións establecidas na autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do 16 de marzo de 2023. Solicitante: TdeE, SAU
14/2024	10-01-2024	Aprobar a relación de admitidos para participar no Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024
15/2024	10-01-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
16/2024	10-01-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
17/2024	10-01-2024	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: EMPL
18/2024	10-01-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: DLA
19/2024	11-01-2024	Aprobar a adhesión do Concello de Cambre ao Programa PEL-Concellos 2024 de Axudas a Contratación de Persoas para a Execución de Obras e Servizos Municipais, de conformidade co punto 3 das bases da convocatoria publicadas no BOP núm. 206 do 27 de outubro de 2023
20/2024	12-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 17 de xaneiro de 2024
21/2024	12-01-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de xaneiro de 2024
22/2024	12-01-2024	Aprobación das concesións e denegacións da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga (artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15), como na taxa pola rede de sumidoiros (artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9) con efectos do cuarto trimestre de 2023, de conformidade cos informes emitidos polos técnicos de Servizos Sociais; así como baixas de usuarios, con efectos do cuarto trimestre de 2023, a bonificación das ditas taxas
23/2024	12-01-2024	Rectificación do parágrafo primeiro da parte dispositiva da Resolución do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade en funcións número 909/2023, de autorización de apertura da urna perimetral nº 41 B do cemiterio municipal (erro no nome do solicitante)
24/2024	12-01-2024	Rectificación do parágrafo primeiro da Resolución da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade número 1984/2023, de autorización de apertura de urna central nº 146 A do cemiterio municipal (erro no nome do solicitante, nº de urna e falecido)
25/2024	12-01-2024	Arquivo do expediente nº 2022/1002/000058, de reposición da legalidade urbanística, ao terse constatado que os interesados procederon a repoñer os bens afectados ao seu estado anterior, de acordo co disposto polos artigos 152 e 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
26/2024	12-01-2024	Baixa no servizo de axuda no fogar de J.M.A.R. Motivo da baixa: Cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implica un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		no fogar. A data de baixa é: 01/02/2024.
27/2024	15-01-2024	Convocatoria da sesión conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 18 de xaneiro de 2024
28/2024	15-01-2024	Considerar desistido P.F.F. da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención municipal, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
29/2024	12-01-2024	Autorización da apertura da urna perimetral sinalada co número 31, letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada por A.G.M. o 4 de xaneiro de 2024, co obxecto de inhumar o cadáver de J.F.P, falecida o día 29 de decembro de 2023 e cuxo corpo foi inhumado no dito nicho en data 30 de decembro de 2023.
30/2024	15-01-2024	Aprobación, con efectos do 22 de decembro de 2023, da relación de solicitudes admitidas dos participantes na 1ª quenda, do 22 ao 29 de decembro de 2023, do programa de actividades "Xogando no Nadal 2023"
31/2024	15-01-2024	Aprobación das concesións e denegacións da bonificación do 50% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga (artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15), como na taxa pola rede de sumidoiros (artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9) con efectos do cuarto trimestre de 2023; así como baixas de usuarios con bonificación no mesmo trimestre
32/2024	16-01-2024	Avocar a delegación xenérica da Área Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, o día 15 de xaneiro de 2024, a partir do cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas pola Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.
33/2024	16-01-2024	Concesión de trámite de audiencia de 10 días a cada un dos aspirantes admitidos no proceso selectivo dun enxeñeiro técnico industrial interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos interinos (artigo 118 da Lei 39/2015, do 1 de outubro)
34/2024	17-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 22 de xaneiro de 2024
35/2024	17-01-2024	Levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no informe de fiscalización JUA NUM. 194/2023 - Reparos 49 R de data 11/05/2023, así como no informe de fiscalización LMR – Subvencións – Premios Entroido en Cambre 2023 - FASE D de data 13/12/2023, ambos á proposta de outorgamento de premios e gratificacións aos participantes no Entroido en Cambre 2023, do expediente (TEDeC 2023/G003/000870), ao obxecto de continuar coa tramitación do procedemento.
36/2024	16-01-2024	Denegación da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, solicitada o 19/12/2023, por J.I.L.L., xa que a unidade familiar beneficiaria esgotou a cantidade máxima a percibir en 12 meses en axudas de emerxencia social municipal.
37/2024	16-01-2024	Denegación da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, solicitada o 20/12/2023, por A.C.M., xa que se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non se pode ser beneficiario.
38/2024	16-01-2024	Denegación da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, solicitada o 19/12/2023, por J.M.F.M., xa que se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non pode ser beneficiario.
39/2024	18-01-2024	Delegación da totalidade de funcións que ostenta a Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, que as exercerá desde a hora e data de sinatura da resolución ata a súa reincorporación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

40/2024	18-01-2024	Imposición a J.F.P.R. dunha multa coercitiva por importe de mil euros (1.000 €), polo incumprimento da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras do día 16 de febreiro de 2022, pola que se lle ordenou repoñer ao seu estado anterior as obras realizadas nas edificacións sitas en Estrada do Espírito Santo, Cecebre, ao non ser as mesmas legalizables por exceder das obras de mantemento e conservación, únicas permitidas nunha edificación na situación de fóra de ordenación, ao ter modificado e aumentado o volume existente, e solicitar licenza para o resto das obras denunciadas, advertíndolle de que se lle poderán impoñer novas multas coercitivas polo dito importe, ata acadar o cumprimento da orde de demolición. Requirir o pago da citada cantidade mediante carta de pago que se achega.
41/2024	18-01-2024	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada no expediente 2023/U026/155 por canto que, tal e como conclúe a arquitecta técnica municipal no seu informe de data 16 de xuño de 2023, as obras comunicadas (reparación e reposición de muro de peche deteriorado e edificacións anexas en A Rocha, Anceis) non se corresponden coas realmente executadas (demolición de dúas construcións auxiliares e dun tramo de cerramento; e a construción dun novo cerramento, dunha nova construción auxiliar, un muro de formigón de contención de terras e unhas escaleiras de formigón), o que impide o exercicio do dereito afectado de conformidade co establecido no artigo 29.3.d) da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos. Ordenar a demolición das obras realizadas e conceder aos interesados un prazo de 1 mes para executala.
42/2024	19-01-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de xaneiro de 2024
43/2024	19-01-2024	Aprobación da liquidación do Imposto sobre o valor engadido do cuarto trimestre do ano 2023, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 17,78 euros, e o das cotas do IVE soportado por 16.304,64 euros, do que resulta un saldo debedor por IVE a favor do Concello de 16.286,86 euros. Aprobación do mandamento de pago e o pagamento en formalización da devandita liquidación.
44/2024	19-01-2024	Aprobación da liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendas do traballo ao persoal municipal no mes de decembro e aos profesionais e empresas por rendas de actividades profesionais, capital inmobiliario, etc. no cuarto trimestre do ano 2023 polo importe total de 105.975,37 €. Aprobación da proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento.
45/2024	19-01-2024	Comparecer ante o Xulgado do Social nº 1 da Coruña no procedemento ordinario 0000153/2023 interposto por un empregado municipal contra o Concello de Cambre, e adxudicar o contrato menor para a defensa no dito xuízo á empresa ETLABORA GABINETE JURIDICO, S.L. con NIF B27843135, domicilio en Vigo (Pontevedra), no prezo ofertado de 1.700 € sen IVE, 2.057,00 € IVE incluído.

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 22 de decembro de 2023

Modificación do Anexo II (II.A) e (II.B) Modelo de declaración responsable e modelo de proposición do prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) da obra "Reforma de bombeo de augas

residuais de Ponte de Cela. Cambre" e aprobación do PCAP corrixido. Expediente TeDEC núm.2023/C003/000001

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de xaneiro de 2024

Declaración de desertos dos lotes 2 (subministración lotes de produtos navideños) e 3 (servizos de sensibilización, apoio técnico e seguimento da campaña e servizos tecnolóxicos relacionados coa mesma) e declaración da desistencia da adxudicación do lote 1 (instalación e dinamización dun poboado do Nadal e distribución das árbores de Nadal de propiedade municipal entre os establecementos participantes na campaña) do contrato mixto para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2023-2024 (TeDEC núm. 2023/C005/000010)

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16 de xaneiro de 2024

Non admisión das ofertas presentadas por Gallaecia Works S.L., e López e Leis S.A. (Construcións LOYLESA), no procedemento de contratación da obra *Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da AC-214 e rúa Carballo* (expediente TEDeC 2023/C003/000004), de conformidade co establecido no artigo 139.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), e comunicación do acordo á Comisión Galega da Competencia de conformidade co artigo 132.3 da LCSP.

4.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 01:01:28 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900000413 o día 22 de xaneiro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:01:41 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán:

“Despois da redución de horas co Erte aplicado pola empresa do servizo de limpeza, que leva dende maio sen cobrar polos impagos do concello que tivo o servizo durante 12 anos en precario, e que levou a unha folga das traballadoras de limpeza, que viron reducida a súa xornada e non cobran as súas nóminas regularmente. Dende o Partido Popular solicitamos que se dea a máxima prioridade por parte do concello á licitación do servizo de limpeza de Cambre, ante as graves consecuencias que está ocasionando entre os veciños e traballadores, e en especial as que están a padecer os nenos nos colexios pola falta dun servizo de calidade.”

A Sra. Pan Lesta contesta o rogo. Intervenien a Sra. Espiñeira Galán e o Sr. Alcantarilla Rei.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:14:08 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez:

“Ante a alarma social provocada pola instalación dunha antena de telefonía no lugar de Seoane en Anceis, e ante as dúbidas xeradas na tramitación da concesión das autorizacións para realizar a obra, dende o Partido Popular solicitamos que o concello suspenda cautelarmente a autorización da obra de instalación da antena, mentres se verifican os informes realizados polos técnicos do concello e se comproba a validez dos trámites administrativos realizados pola empresa, así como a idoneidade do proxecto.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervenien a Sra. Prieto Miramontes, o Sr. Varela Fraguío e o Sr. Vázquez Pérez.

O Sr. presidente autoriza a intervención de dúas persoas do público asistente.

(Cando son as doce horas e vinte e seis minutos auséntase do salón de sesións a Sra. Prieto Lamas, reincorporándose cando son as doce horas e trinta minutos)

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:00:32 horas

Lee o rogo o Sr. Lamela Vázquez:

“Dende o Partido Popular solicitamos que se realice con urxencia a limpeza e desratización dos colectores soterrados situados na praza Manuel Murguía do Temple, dada a continuada infestación existente de ratas, solicitude que levamos facendo dende agosto e que non se realiza correctamente, xa que se fai necesario desmontar a estrutura para atallar mellor o problema que continúa sendo moi grave e afectando os veciños e locais da zona.”

A Sra. Parcerero Quiñoy contesta o rogo. Intervenien o Sr. Lamela Vázquez e o Sr. González Leirós.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900000408 o día 22 de xaneiro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:04:06 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes:

“A colocación da antena de telefonía, en Seoane de Anceis, ten a toda a veciñanza inqueda, pero resolta a defender o que consideran os seus dereitos de residencia.

Así é que levan estudando o asunto para presentar todo tipo de escritos, cara á súa paralización.

No luns día 22, na xuntanza que mantén o concello Sr. Leirós coa representación do colectivo, este asegura que van paralizar a obra, polo que emitirán a orde no mesmo día.

Aínda así, ás 18 h da tarde, segue activa e sen paralización ningunha.

Dende o BNG, rogamos que se aplique o que se prometeu.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:08:06 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes:

“A situación vivida ata o día de hoxe, por unha usuaria do servizo de axuda no fogar, nai dun home co 90% de discapacidade é de película de terror.

E as explicacións por parte do Goberno municipal diante da prensa poñen mesmo en dúbida da credibilidade desta muller nai e avoa exemplar.

O caso é triste e sinxelo: este usuario solicita só axuda para erguerse e deitarse, ao que ten dereito recoñecido mesmo por parte da responsable de servizos sociais a ese servizo todos os días da semana, por parte de traballadores coa suficiente forza e destreza para levala a cabo.

Esta nai, de 75 anos, estívoo facendo namentres puido, pero xa non pode, e así nos fins de semana ten que recorrer ao 061 (que di que non está para isto) como a Garda Civil, que vendo a lamentable situación acoden nalgunha ocasión.

Cando esta nai reclama o seu dereito para que a empresa concesionaria cumpra con estes parámetros, díselles que ela ten que reclamar á empresa.

Como? Si! Oíron vostedes ben.

Estamos por tanto, poñendo en risco non só a un usuario co terceiro grao de discapacidade, senón á súa nai, diante da desesperación que supón este relato que obedece a unha realidade.

Non coñezo outra tan límite. Vostedes si?

Rogamos que á maior brevidade posible se arranxe este defecto, esta inxustiza, e esta falta de respecto, e se dea o servizo completo todos os días da semana.”

A Sra. Prieto Lamas contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

(Cando son as trece horas e dezaseis minutos auséntase do salón de sesións o Sr. Carballada Rodríguez).

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:17:18 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes:

“Tendo 3 policíaas de rúa en activo a día de hoxe, e sendo insuficientes para manter quendas con nivel de seguridade, e namentres non se cubran as prazas, rogamus que se fagan os cruzamentos dos colexios en colaboración con Protección Civil, sempre e cando non sexa preciso regular o tráfico.

Todo cara a manter a seguridade, que tan difícil se supón con tan pouco axentes.”

(Cando son as trece horas e dezaioito minutos reincorpórase ao salón de sesións o Sr. Carballada Rodríguez).

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

ROGOS DE AV PRESENTADOS ORALMENTE

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:21:30 horas

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Levamos meses cun burato de 2x2 metros e case medio metro de profundidade na beirarrúa Abeleira, esquina con Francisco Añón, xusto en fronte do centro de saúde do Temple, polo que rogamos que se repoña a árbore que había nese sitio ou se pavimente urxentemente.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:21:52 horas

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Rogamos se nos informe se é certo, tal e como lles chegou aos seus oídos, que o recibo da auga deste mes de xaneiro non chegou aos nosos domicilios. Segundo a empresa subministradora é o concello quen ten que dar o visto e praxe para que se emitan, e non sabe se houbo algún problema, e se é así cal é o motivo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:22:16 horas

O Sr. Varela Fraguío formula o seguinte rogo:

Viron agora, de camiño aquí ao pleno, na rúa non, exactamente non é a rúa, en Pintor Lucio Muñoz, detrás da farmacia, ese mini aparcadoiro que hai aí, de catro ou cinco coches, que non é nin aparcadoiro, “leirapark”, nel hai diría que é unha neveira, conxelador e un forno tirados. Parece que levan tempo polo estado no que están, e se queren mándalles a localización, pero cre que máis ou menos saben onde é.

4.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 02:23:10 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900000413 o día 22 de xaneiro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:23:16 horas

Lee a pregunta a Sra. Piñeiro Fernández:

“Estando só a unhas semanas da celebración do Entroido e estando pendentes de cobrar as comparsas e carrozas do ano pasado, o que pode supoñer que moitos non participen nesta ocasión, dende o Partido Popular queremos saber: Cando ten pensado o concello pagar o que debe do Entroido do ano pasado?”

A Sra. Pan Lesta contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:24:16 horas

Lee a pregunta a Sra. Piñeiro Fernández:

“Despois de seis meses de obras no parque Ramón Barba do Temple, no que só tiraron a estrutura da piscina e levantaron o solo do parque, e despois de levar paradas as obras durante semanas: Cando ten pensado retomar as obras e se vai rematar a empresa no prazo establecido ante a lentitude dos traballos.”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:25:20 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez:

“No pleno do 28 de setembro o Goberno municipal aceptou a solicitude do Partido Popular de rematar a rede de saneamento da zona de Seoane de Abaixo en Anceis: Dende entón fixeron algunha xestión ou falaron cos veciños de Seoane sobre as opcións para rematar o saneamento?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900000408 o día 22 de xaneiro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:26:23 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes, quen antes di que non vai completa, e que se refire aos servizos mínimos de limpeza:

“Houbo queixas por parte das empregadas respecto do seguimento que fai a concelleira sentíndose acosadas.

Como se vai facer o control de seguimento?”

A Sra. Rodríguez López contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:29:51 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes:

“Debido ao envellecemento da poboación, coas correspondentes necesidades nese tramo de idade, cómpre facer políticas de prevención.

E por iso dende o BNG solicitamos que se teña feita unha listaxe das persoas maiores de 65 anos, para detectar os posibles problemas e así atallalos.”

A Sra. Prieto Lamas contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:30:41 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes:

“Por que non se dá traslado, aínda que sexa provisionalmente, do policía encargado das infraccións urbanísticas ao servizo activo na tarefa que sexa necesario?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS ORALMENTE

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:31:28 horas

O Sr. Castro Uzal formula a seguinte pregunta:

En que consistiron as obras de mantemento que fixeron que o complexo deportivo da Barcala estivera pechado na tempada de Nadal, e cando estará aberta a ampliación do dito complexo. Di que queren datas concretas, porque nas comisións informativas do mes de setembro contestárouelles que estarían rematadas a finais de outubro ou novembro. Están a finais de xaneiro.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:31:55 horas

O Sr. Varela Fraguío formula a seguinte pregunta:

É en relación coa primeira pregunta que fixo o BNG na que se falaba de non facer un seguimento do servizo de limpeza, ben dábase resposta xa que se acababa a folga. Pois non sabe se lles chegou, imaxina que si porque chegoilles a eles que son oposición quere imaxinar que ao Goberno tamén, que a empresa de limpeza vai realizar o traballo habitual entre o 22 e o 26 de xaneiro, pero que a partir do 29 de xaneiro volverá á situación de folga e servizos mínimos.

Continúan dicindo que querían preguntar ou poñerlles en preaviso de que tomen medidas para evitar que lles pille o touro outra vez e estean dúas semanas, ou tres, ou catro, con estes problemas. Que o di xa que se non vai haber un seguimento porque se acabou a folga; que non sabe se son coñecedores da situación, pero que era por poñelos en situación.

A Sra. Rodríguez López contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás trece horas e trinta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

O presidente
(Asinada dixitalmente)

Juan González Leirós

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo